

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 19 DE FEBREIRO DE 2021

### Asistentes:

#### Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

#### Vicedecanos

Arribas Álvarez, M. Carmen

Fernández Fernández, Adolfo

#### PDI

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Pérez Rodríguez Francisco J.

Prada Rodríguez, Julio

Presedo Garazo, Antonio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

#### PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

#### PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

### Desculpa ausencia:

#### Secretaria

Josefina Cadilla Lomba

A xunta realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 19 de febreiro de 2021, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de febreiro de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2021/2022.
4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2021/2022.
5. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022.
6. Aprobación, se procede, do aval da Facultade de Historia ao Manifesto do Comité de Memoria histórica da Comarca de Celanova.
7. Aprobación, se procede, da modificación da planificación temporal da docencia do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.
8. Rolda de intervencións.

A decana desculpa a ausencia da secretaria por problemas familiares e informa que tomará acta da xunta a vicedecana, Carmen Arribas.

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 5 de febreiro de 2021.**

Apróbase a acta por asentimento.

## 2. Informe da presidenta.

A decana informa sobre os seguintes aspectos:

- O inicio das clases presenciais será o 1 marzo. A docencia seguirá o modelo do 1º cuatrimestre, xa están enviadas as quendas e subidas a internet. 3º e 4º organizáronse entre eles e os que o desexaban asistían de xeito presencial. O decanato non pode convocar a máis xente da capacidade COVID das aulas, se nalgún momento houbera máis xente hai un aula espello, a aula 2.2 á que poderán acceder e conectarse co portátil e auriculares. Indica que falou coas delegadas de 1º e 2º para que se organicen de xeito similar e non queden, a ser posible, espazos baleiros nas aulas.

- Xa están instaladas en todas as aulas as tabletas, que reflicten na pantalla o que se escriba sobre elas. Dálle a palabra a Beatriz Vaquero para ver como se pode facer para explicar o seu manexo, quizás de todo o sistema da aula remota para aquelas persoas que non impartiron docencia no 1º cuatrimestre. Enviaírase un correo na próxima semana. A decana comenta que todo o material quedará enriba da mesa, polo que hai que ter coidado e pechar as aulas. Así mesmo lembra que as clases son de 50 minutos e que se debe airear entre clase e clase. Reitera que remitiron xa as quendas e o listado de alumnado semipresencial.

- Está aberto o proceso das enquisas de avaliación docente que este ano son online. O grao de participación aínda é moi baixo polo que se remitiu un correo para que o profesorado, dende moovi, faga un chamamento á participación. Esta participación é importante porque é a única enquisa que se realiza sobre cada materia. Dende a facultade se fixo fincapé en que foran online polo noso alumnado semipresencial do grao e do mestrado.

- Xa se fixeron públicos os dous proxectos anunciados na Xunta anterior: a IV Olimpíada Galega de Historia e o Premio ao Proxecto de Innovación Docente. Agradece a todas as persoas que se prestaron a axudar, en especial a Julio Prada que xa participou na elaboración das bases. Agradece a Moncho Campos a súa disposición para participar no xurado, ao final a selección fíxose por áreas: estarán no xurado Julio Prada, Victoriano Nodar e Beatriz Comendador.

- Respecto a proposta da Xunta anterior sobre un ciclo de conferencias, achegáronse diferentes temas, que serán remitidos ás áreas para escoller un deles. Cada área se responsabilizará da persoa invitada.

### **3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2021/2022.**

Na confección da bolsa de horas se seguiron os mesmos criterios que o ano pasado. O cambio máis significativo refírese a asignación de horas en relación coa Calidade debido á dimisión do profesor Antonio Presedo como Colaborador de Calidade. As horas que se adscribían a el e a área de Historia Moderna pasan a Susana Reboreda, como coordinadora de Calidade.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2021/2022.**

Dende hai tempo sométese a votación do alumnado de 3º as materias que se ofertarán en 4º. Nesta ocasión saíron elixidas as mesmas que se ofertan este curso: Historia das relixións, Historia de América contemporánea e Mentalidade, identidade e cambio social.

Apróbase por asentimento.

### **5. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022.**

Para elaborar a PDA, solicitouse ao profesorado que notificara se quería incorporar máis grupos nas súas materias. Nestas solicitudes hai máis demanda que oferta de horas, polo que temos que acordar unha selección. A proposta do decanato é aceptar a solicitude das 3 materias que pasarían de 1 grupo a 2. Todas elas son de 3º curso. O resto das solicitudes implicaría aumentar a 3 ou 4 grupos. Se se admite a proposta nos pasaríamos en 10 horas que serían admitidas pola vicerreitoría de profesorado e organización académica. A decana indica que outro reparto afectaría á organización dos grupos do curso pasado. O equipo reitoral prevé unha baixada xeral na matrícula de 1º para o vindeiro curso. O profesor Tony Díaz pregunta se se tivo en conta a solicitude da súa área, ve inviable a docencia en dous grupos pola capacidade da aula de informática. A decana explica que se tiveron en conta todas as propostas, pero que é moi complicado pasar de 2 a 3 grupos porque habería que reorganizar os grupos deste curso. Solicítalle que faga unha proposta alternativa de solución no caso de que se acepte a da área. O profesor Tony Díaz indica que preferiría ter unha semana máis para estudar as posibilidades. A decana indícalle que teñen que enviar a Vigo a PDA antes dunha semana, que para iso mandouse o borrador. Toma a palabra o profesor

Julio Prada para indicarlle que hai que proxectar con cifras reais e as materias de Contemporánea de 3º, como Mundo actual, non teñen grupos e vai haber uns 50 alumnos, que son os matriculados en 2º que pasarán a 3º. Toma a palabra a profesora Beatriz Vaquero que considera que con 2 grupos en xeral, salvo algunha materia específica con 3, é viable impartir a docencia.

Apróbase por asentimento a proposta do equipo decanal.

## **6. Aprobación, se procede, do aval da Facultade de Historia ao Manifesto do Comité de Memoria histórica da Comarca de Celanova.**

A decana cédelle a palabra a algún docente da Área de Historia contemporánea para que expoña o tema. Toma a palabra o profesor Julio Prada quen di que non cre que a Facultade de Historia deba involucrarse neste asunto, se o profesorado que o estime convinte quere asinar o manifesto que o faga a título individual. A decana explica que é a práctica habitual, cando solicitan á institución cuestións deste tipo, se leve á Xunta de Facultade. Julio Prada di que pon en cuestión que a Xunta de Facultade como institución asine un manifesto. Susana Reboreda opina que si se teñen asinado solicitudes ao que Julio Prada responde que solicitudes si, pero manifestos que non lle constan, que a sinatura dun manifesto implica que subscribes o que nel pon.

Toma a palabra o catedrático emérito Jesús de Juana quen agradece que lle inviten ás reunións da Xunta de Facultade. De seguido indica que subscribe todo o dito polo profesor Julio Prada.

Despois do debate acórdase remitir un escrito ao Comité de Memoria histórica da Comarca de Celanova no que se lle indique, unha vez sometido á Xunta de Facultade, que non se considera procedente pronunciarse ao respecto como institución nin en sentido afirmativo nin negativo.

Unha vez chegado ao acordo toma a palabra Jesús de Juana para indicar que lle chama a atención que soliciten a adhesión da facultade a este manifesto. Explica que na facultade se leron as primeiras teses sobre represión e que todos os docentes da Área de Historia contemporánea teñen publicacións e un amplo coñecemento na temática e en concreto dos represaliados, e que ninguén solicitou a súa opinión para ese manifesto que en absoluto está documentado historicamente.

## **7. Aprobación, se procede, da modificación da planificación temporal da docencia do PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia.**

Susana Reboreda expón que xa hai anos o alumnado do PCEO solicitou unha modificación na súa planificación temporal que consistía en cambiar materias do 2º cuatrimestre do 1º curso do grao en Xeografía e Historia por materias do grao en Turismo, así Arte clásica e Metodoloxía da historia se impartirían no 2º cuatrimestre do 2º curso e Dirección e Xestión de entidades turísticas II e Contabilidade de organización turísticas II no 2º cuatrimestre de 1º curso. Esta demanda mellora considerablemente o programa formativo, polo que esta Xunta de Facultade xa o aprobou no momento da solicitude, hai algo máis de un par de anos. Sen embargo, a Xunta de Facultade de CC. EE. e Turismo rexeitouno no seu momento. Parece ser que en febreiro do ano pasado volveron a debatelos e se aprobou esta modificación, pero non o comunicaron. De forma causal enterouse desta novidade e solicitou á decana que lle remitiran un escrito ao respecto. Iso é o motivo polo que se trae de novo, aínda que xa se aprobara, para a nova consideración. Este cambio non supón unha modificación de memoria pero haberá que cadrar para o ano que ven os horarios co grao de Turismo. Toma a palabra o profesor Fermín Pérez que comenta que para máis adiante se pode considerar mover a materia de Teoría e método de Arqueoloxía, que se imparte en 3º, para cursos inferiores.

Apróbase por asentimento.

## 8. Rolda de intervencións.

O profesor Fermín Pérez pregunta se é obrigatorio impartir a docencia presencialmente. A decana expón que si, que o alumnado presencial ten dereito a asistir ás clases presenciais. Fermín Pérez indica que a súa pregunta ten que ver coa calidade da gravación nas aulas, que parece que non é moi boa. Susana Reboreda comenta que ao principio si houbo problemas pero cre que xa está todo arranxado. A decana di que para a semana que ven se fará unha convocatoria conxunta ao profesorado para ensinar, a quen o precise, o manexo das aulas remotas.

Toma a palabra o profesor Antonio Presedo para preguntar se se retomará o sistema de Rexistro da presenza co código QR que a decana lle confirma que si.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 h do día 19 de febreiro de 2021, da que eu como vicedecana, dou fe co visto e prace da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A vicedecana  
Asinado dixitalmente  
MCarmen Arribas Álvarez